

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

4708 *Real decreto 494/2020, do 28 de abril, polo que se modifica o Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.*

A Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, ten a finalidade, recollida no seu artigo 1, de contribuír a unha mellor regulación do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso. Con este obxectivo, a citada lei prevé, no seu artigo 4, que as transferencias de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso se deban someter a autorización administrativa previa e que vaian acompañadas de determinados documentos de control. Así mesmo, no número 3 do mesmo artigo 4 sinalase que: «para cada autorización deberase valorar a conveniencia de establecer mecanismos de verificación, seguimento e colaboración entre gobernos».

Coa finalidade de dar cumprimento a este artigo da lei, o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, establece no seu artigo 30 os modelos de documentos de control aplicables que, adicionalmente, recolle o seu anexo VI.

A presente modificación do Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, lévase a cabo co obxecto de intensificar os controis en materia de exportación de material de defensa e doutro material en determinados casos e pola necesidade de controlar adecuadamente as exportacións cando así o aconsellen a sensibilidade da operación e os intereses nacionais.

O órgano habilitado polo artigo 14 da Lei 53/2007, do 28 de decembro, para emitir informe, con carácter preceptivo e vinculante, sobre as autorizacións administrativas é a Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso (XIMDDU). Polo tanto, cómpre que se instrumente regulamentariamente a función deste órgano no establecemento de mecanismos de seguimento e verificación referidos a aquelas operacións en que se considere que deban ser sometidas a un control adicional.

Estes controis adicionais inclúen mecanismos de verificación en destino, o que implicará o coñecemento previo dos gobernos, destinatarios e usuarios finais da mercadoría do feito de que se vai comprobar o seu destino e uso. Por iso, é adecuado que se inclúa un novo documento de control que recolla a dita intervención naquelas operacións de material de defensa e doutro material. O emprego deste documento debe preservar a seguridade xurídica das empresas implicadas na transacción.

Por outro lado, introdúcese unha modificación na redacción dos documentos emitidos pola Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa, en concreto no «certificado de último destino», co obxecto de axilizar a tramitación de documentos entre diferentes xurisdicións.

A norma apróbbase de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En canto á proporcionalidade, non se restrinxen ningún dereito e instrumentáanse mecanismos que lles permiten a gobernos, destinatarios e usuarios finais o coñecemento previo de que a mercadoría se vai comprobar no seu destino e uso. De acordo co principio de seguridade xurídica, a norma adecúase ao resto do ordenamento xurídico. Finalmente, o principio de transparencia queda garantido a través do proceso de audiencia e información pública a que se someteu.

Durante a súa tramitación, o texto regulamentario que agora se aproba recibiu o informe favorable da XIMDDU, de acordo co artigo 18.2 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, na súa reunión do 29 de outubro de 2018.

En cumprimento do previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao preceptivo trámite de audiencia e información pública mediante a publicación do texto no portal web do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, así como mediante a posta á disposición directa do texto entre os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, das ministras de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, de Defensa, de Facenda e do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de abril de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.*

O Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo número 3 ao artigo 4, coa seguinte redacción:

«3. Para cada autorización, a XIMDDU deberá valorar a conveniencia de establecer mecanismos de verificación, seguimento e colaboración entre gobernos.»

Dous. Engádesse un novo número 11 ao artigo 18, co seguinte contido:

«11. A XIMDDU poderá establecer, de maneira excepcional, mecanismos de verificación, seguimento e colaboración respecto da mercadoría exportada en determinadas operacións coa colaboración do Goberno do país importador, para o cal deberá iniciar un expediente no cal se definirán todos os termos da verificación.

Nestes casos, o documento de control que se requirirá será o certificado de último destino de control *ex post*, que inclúe unha cláusula de verificación en destino e que será emitido pola autoridade competente do país destinatario do produto.

Os gastos derivados da aplicación deste mecanismo serán financiados con cargo ás disponibilidades orzamentarias de cada departamento interviniente.»

Tres. Engádesse unha nova letra e) ao número 1 do artigo 30, co seguinte teor:

«e) “Certificado de último destino de control *ex post*”, emitido polas autoridades competentes do país importador ou introdutor para exportacións e expedicións de material de defensa e doutro material incluídas nos anexos I e II deste regulamento. Este certificado formalizarase segundo o modelo do anexo VI.23. Inclúe, na súa epígrafe D, a posibilidade dun compromiso de non utilización do produto fóra do territorio do país importador, así como unha cláusula de verificación en destino do produto exportado nas operacións en que así o decida a XIMDDU. Será emitido pola autoridade competente do país onde vai destinada a mercadoría e debe ser legalizado de acordo coa normativa vixente na materia, ben por vía diplomática ou ben mediante legalización coa apostila da Haia se o país está adherido a ela. No caso de ser legalizado por vía diplomática, poderá ser legalizado pola representación de España no país emisor ou pola representación do Estado emisor en España. En ambos os casos, o trámite deberá realizalo un diplomático con sinatura rexistrada na Sección de Legalizacións do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.»

Catro. Modifícase a redacción da letra c) do número 2 do artigo 30 da maneira seguinte:

«c) “Certificado de último destino”: emitido pola Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa para as importacións e introducións de material de defensa, segundo o modelo do anexo VI.18, ou certificado de usuario final emitido polo país exportador, logo de solicitude segundo o modelo do anexo VI.19.»

Cinco. Engádesse un novo número 23 ao «anexo VI», que se corresponde co modelo anexo VI.23 que se xunta a este real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de abril de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO VI.23

	CERTIFICADO DE ÚLTIMO DESTINO (CUD) END USE CERTIFICATE	VINCULADO Á LICENZA Nº LINKED TO LICENCE Nº DATA DATE	PAÍS DE ORIXE DA MERCADORÍA COUNTRY OF ORIGIN OF GOODS PAÍS DE DESTINO FINAL COUNTRY OF FINAL DESTINATION																												
EXPORTADOR NIF: Nº REOCE: EXPORTER ID REGISTER NUMBER																															
A. IDENTIFICACIÓN DO IMPORTADOR/DESTINATARIO IMPORTER/CONSIGNEE IDENTIFICATION																															
NOME.....NIF:..... NAME ID DOMICILIO (completo):PAÍS..... FULL ADDRESS COUNTRY TELÉFONO:..... Correo electrónico:..... TELEPHONE NUMBER EMAIL ADDRESS																															
IDENTIFICACIÓN DO USUARIO FINAL (se é diferente do importador/destinatario) END-USER IDENTIFICATION (if different from the importer/consignee)																															
NOME.....NIF:..... NAME ID DOMICILIO (completo):PAÍS..... FULL ADDRESS COUNTRY TELÉFONO:..... Correo electrónico:..... TELEPHONE NUMBER EMAIL ADDRESS																															
<table border="1"> <thead> <tr> <th data-bbox="146 1370 1002 1473">B. DESCRICIÓN DA MERCADORÍA GOODS DESCRIPTION</th> <th data-bbox="1002 1370 1155 1473">CANTIDADE QUANTITY</th> <th data-bbox="1155 1370 1289 1473">VALOR € VALUE (€)</th> <th data-bbox="1289 1370 1452 1473">ARTIGO/ SUBART. ARTICLE</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>				B. DESCRICIÓN DA MERCADORÍA GOODS DESCRIPTION	CANTIDADE QUANTITY	VALOR € VALUE (€)	ARTIGO/ SUBART. ARTICLE																								
B. DESCRICIÓN DA MERCADORÍA GOODS DESCRIPTION	CANTIDADE QUANTITY	VALOR € VALUE (€)	ARTIGO/ SUBART. ARTICLE																												
C. USO FINAL DA MERCADORÍA DESCRITA NA EPIGRAFE B END USE OF THE GOODS DESCRIBED IN SECTION B																															

D. GARANTÍAS (cúbrase, se procede, por petición da XIMDDU)
 COMMITMENTS (only at the request of JIMDDU)

Cláusula de autenticidade de datos: Certificamos que todos os datos contidos neste documento son certos.

Authenticity clause: We certify that all data contained in this document are true.

Nome, apelidos e cargo Surname, name and title	Data Date
Sinatura do destinatario final e selo Signature and stamp	

Cláusula de uso no territorio nacional: Certificamos que os produtos importados son exclusivamente para uso interno e/ou para substitución das existencias, coa finalidade de apoiar as operacións de seguridade nacional levadas a cabo polas forzas armadas de (país de destino), e non serán usados fóra do territorio nacional.

Internal use clause: We certify that the imported products are exclusively for internal use and / or stock replacement, in order to support the national security operations carried out by the armed forces of (country of destination), and will not be used outside the national territory

Nome, apelidos e cargo Surname, name and title	Data Date
Sinatura do destinatario final e selo Signature and stamp	

Cláusula de verificación: O Goberno de (país de destino final da mercadoría) comprométese a colaborar coas autoridades de control de exportación do Reino de España de forma conxunta, co fin de establecer mecanismos de verificación e seguimento que permitan un control da mercadoría exportada descrita na sección B, permitindo, se for necesario, o acceso ás instalacións onde se encontra a mercadoría e a identificación do usuario final, e facilitando toda a información e documentación requiridas polo equipo de verificación.

Verification clause: The Government of (final destination country of the goods) commits itself to cooperate jointly with the export control authorities of the Kingdom of Spain in the establishment, verification and monitoring mechanisms on the control of the exported goods described in section B. Should it be deemed necessary, access to the facilities where the goods are located, identification of the end user and all the required information and documentation shall be granted to the Spanish verification team.

Nome, apelidos e cargo Surname, name and title	Data Date
Sinatura do destinatario final e selo Signature and stamp	

E. CERTIFICACIONES (cúbrase só a epígrafe que proceda)

CERTIFICATIONS (complete only the appropriate section)

1 - Certificación do importador:

1.- Certification of the importer:

Certifico que somos importadores dos produtos indicados na sección B, que serán entregados exclusivamente ao usuario final especificado na sección A. Coa excepción do usuario final mencionado na sección 2, comprometémonos a non vender, non entregar estes produtos a outro usuario distinto do especificado na sección A. Os ditos produtos non serán reexportados, reexpedidos, transferidos, vendidos, doados nin prestados sen a autorización previa das autoridades españolas.

I certify that we are importers of the goods indicated in Section B that will be delivered exclusively to the end user specified in Section A. With the exception of the end user mentioned in section A, we commit not to sell, not deliver these products to another user other than that specified in Section A. Such goods shall not be re-exported, re-dispatched, transferred, sold, donated or lent without the prior authorization of the Spanish authorities.

Nome, apelidos e cargo Surname, name and title	Data Date
Sinatura do destinatario final e selo Signature and stamp	

2 - Certificación do destinatario/usuario final:

2 - Certification of the recipient / end user:

2.a.- Certificamos que somos os usuarios finais dos produtos descritos na sección B e que serán utilizados unicamente para o uso declarado na sección C. Os ditos produtos non serán reexportados, reexpedidos, transferidos, doados nin prestados sen a autorización previa das autoridades españolas.

2.a. We certify that we are the end users of the products described in section B and that they will be used only for use stated in section C. Such products will not be re-exported, re-dispatched, transferred, donated or lent without prior authorization of the Spanish authorities.

2.b.- Certificamos que somos os usuarios finais dos produtos descritos na sección B e que serán utilizados para ser integrados nos nosos propios equipos. Estes produtos non serán reexportados, reexpedidos, transferidos, vendidos, doados nin prestados sen a autorización previa das autoridades españolas.

2.b. We certify that we are the end users of the products described in section B and that they will be used to be integrated into our own production. These products will not be re-exported, re-dispatched, transferred, sold, donated or lent without the prior authorization of the Spanish authorities.

Nome, apelidos e cargo Surname, name and title	Data Date
Sinatura do destinatario final e selo Signature and stamp	

3 - Certificación do Goberno estranxeiro:

3 - Certification of foreign government:

O Goberno decertifica que non se autorizarán a reexportación nin a expedición, nin a transferencia, nin a venda, nin a doazón nin o préstamo a outro país da mercadoría descrita na sección B, a non ser que exista autorización previa por escrito para iso por parte do Goberno de España.

The Government of certifies that will not authorize the re-export, expedition, transfer, resale, donation or loan of the goods described in section B outside the country without prior written approval of the Spanish Government.

Nome, apelidos e cargo Surname, name and title	Data Date
Sinatura do destinatario final e selo Signature and stamp	